



# CONVENIO DO CONCELLO DE REDONDELA COA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAI

En Redondela, a 19 de decembro de 2024

## REUNIDOS

Dunha parte a Alcaldesa do Ilmo. Concello de Redondela, Dona Digna Rosa Rivas Gómez, na representación que ostenta en virtude dos artigos 21.1 b) da lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Dona María Isla Avión con DNI 35544300P e enderezo en Avda Alcalde Gregorio Espino, 57, baixo, 36205 Vigo, correo electrónico asociaciónsogaps@yahoo.es que ostenta a representación para Redondela da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai con CIF G15924558, correo electrónico [asociaciónsogaps@yahoo.es](mailto:asociaciónsogaps@yahoo.es) e enderezo na rúa Gregorio Espino, 57, baixo, 36205 Vigo, cuxa representación manifesta neste acto.



Ambos recoñécense capacidade, representación e poder suficiente para subscribir o presente convenio, polo que a tal efecto.

## EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello de Redondela ten competencia en materia de prestación da protección da salubridade pública; na participación na xestión da atención primaria da saúde; así mesmo a prestación de servizos sociais; todo elo segundo establecen as disposicións transitorias primeira e segunda da lei 27/13, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e o artigo 3 e disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/13, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Ademais, de conformidade co artigo 25.1 do mesmo texto legal, os Municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

SEGUNDO.- Que a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai ten como fin o de proporcionarlles unha estancia agradable e humanamente rica ás/ós nenas/os saharais.

- 
- 
- Para elo, o programa de vacacións en paz ten coma obxectivos entre outros:
  - Facilitar asistencia médica e de alimentación.
  - Perfeccionar a aprendizaxe das linguas galega e castelán.
  - Ofertar unha alternativa de ocio e tempo libre a nenas/os nados nun clima de guerra.
  - Coñecer distintas formas de vida.
  - Evitar a súa estancia nos campamentos durante os meses de xullo e agosto por teren máis altas as temperaturas.

Que sendo os obxectivos sinalados de marcado interese público e social, é propósito de ámbalas dúas partes colaborar na consecución e logro das mesmas polo que subscriben o presente convenio con arranxo ós seguintes

## ANTECEDENTES



CONCELLO DE REDONDELA

subvención por importe de 1.780,00€ (MIL SETECENTOS OITENTA EUROS) a cal articularase, atendendo ás peculiaridades da actividade a fomentar, a través do presente convenio para o patrocinio e fomento dos fins de utilidade e interese social antes comentados e de competencia de ambas entidades.

CUARTA.- A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai comprométese a seguir realizando as actividades antes mencionadas, como ata agora o veñen facendo e en concreto a:

- a) Facer un seguimento exhaustivo do proxecto conxuntamente coa Delegación Saharai para Galicia para que todos os compromisos se cumpran.
- b) A Asociación e a Delegación estará á disposición do Concello de Redondela e das familias para asesoralos e axudar a resolver os problemas que poidan xurdir.
- c) A Asociación deberá ter organizada unha xuntanza de convivencia entre as/os nenas/os saharais e as familias acolledoras.
- d) A Asociación comprométese a facer constar na publicidade realizada por calquera medio que as actividades e servizos que realice contan coa colaboración do Concello de Redondela. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Redondela. A Asociación comprométese a unha utilización respectuosa do nome e da imaxe do Concello de Redondela.
- e) A facer un uso responsable das instalacións, medios ou recursos, que no seu caso, poña a súa disposición o Concello sen causar danos nos mesmos.
- f) A prestar calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

QUINTA.- Así mesmo comprométese a cumprir coas obrigas dos beneficiarios establecidas na lexislación aplicable que se recollen como anexo deste convenio e en especial a a portar facturas ou documentos substitutivos de facturas, orixinais ou debidamente compulsadas, polo menos, polo importe de 1.780,00€ (MIL SETECENTOS OITENTA EUROS) co obxecto de verificar que a actividade desenvólvese e que o importe concedido non supera o custe das actividades desenvolvidas. Así mesmo, a xustificación so se poderá referir a gastos realizados para sufragar o obxecto deste convenio e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, salvo nos casos dos pagamentos a conta. No caso de que ó finalizar o prazo para a xustificación, non se xustificara a totalidade da subvención procederase automaticamente á anulación da subvención polo non xustificado.

As facturas que se presenten para a xustificación deberán ser emitidas conforme ó establecido legalmente no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro. En caso contrario, a factura non contará para a xustificación. Con carácter xeral, a xustificación terá unha relación directa coas actividades subvencionadas. Na factura constará carimbo ou lenda de "cobrado", "pagado", "recibín" ou similar, onde conste a identificación do terceiro que é acredor e acredita o pago da mesma; salvo naquelas facturas de importe superior a 1000 €, nas que deberá constar o xustificante do ingreso bancario. Os gastos xustificadas non poderán ter o carácter de investimento. No caso de que se presenten copias das facturas, aparte de que estas deberán estar debidamente compulsadas, o beneficiario deberá presentar as facturas orixinais para que sexan seladas polo Concello onde se faga constar que a factura utilizouse para xustificar unha subvención.

En caso de que a xustificación se realice mediante documentos substitutivos de facturas deberá poñerse de manifesto as razóns polas que non se pode xustificar o gasto con facturas. A apreciación deste feito será realizada polo órgano que aprobe a xustificación. En caso de que non este conforme coa xustificación requirirá a Asociación Solidariedade



CONCELLO DE REDONDELA

órgano competente mentres dure a vixencia deste convenio pola mesma actividade que se recolle neste documento.

SEXTA.- O Concello de Redondela responsabilízase de :

- Derivar a través da Concellería de Servizos Sociais, Muller e Igualdade usuarias/os a cando estas/es reúnan os requisitos exixidos para a súa admisión.
- Tramitar a xustificación que presenta no seu momento a Asociación.
- Asumir unicamente o compromiso económico que se recolle na cláusula terceira, imputándose ó exercicio orzamentario do ano 2024.

Debido ás características deste convenio, non é necesario establecer consecuencias no caso de incumprimento dos compromisos asumidos por cada parte, mais alá de que exista algún desperfecto nas instalacións, medios ou recursos, que no seu caso, puxera a súa disposición o Concello.

SÉTIMA.- A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui é a única responsable de cantos danos, tantos físicos coma materiais, poidan ocasionarse ó Concello de Redondela e sexan consecuencia directa ou indirecta do uso ou actividade desenvolvida na realización da(s) actuación(s) pola que se concede esta subvención, quedando exento de toda responsabilidade o Concello.

Así mesmo, a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui asume a responsabilidade civil derivada da realización da(s) actuación(s), polo que o Concello de Redondela quedará exento de toda responsabilidade.

Igualmente, o Concello de Redondela quedará exento de toda responsabilidade derivada de actos do persoal dependente da devandita entidade e de calquera persoa con quen esta se relacione.

Se o Concello fora condenado como responsable civil en procedemento civil ou penal, repercutirá a contía total á que ascende o fallo da sentenza á Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui.

OITAVA.- Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo as outorgadas polo Concello de Redondela. A sinatura do presente convenio suporá o recoñecemento por parte do representante da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui de que o importe total das subvencións obtidas, incluída á que se refire este convenio, das diferentes Administracións Públicas, non supere o custe das actividades a desenvolver polo beneficiario.

NOVENA.- O corpo normativo aplicable estará formado por:

- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- A Lei 9/2007, de 25 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003.
- A Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Redondela.
- As Bases de Execución do Orzamento do Iltmo. Concello de Redondela.



Conforme co mesmo o firman as persoas e no lugar e data arriba sinalados por triplicado exemplar.

A Alcaldesa do  
Concello de Redondela

Asdo: Digna Rosa Rivas Gómez

A representante da Asociación  
Solidariedade Galega co Pobo Saharaui

Asdo: María Isla Avión